



Compostela  
Cultura

---

# Resolución do director-xerente do Auditorio de Galicia

**ASUNTO:** Incio do proceso de solicitude de propostas didácticas 2023/2024

**EXPEDIENTE:** 2023/G003/000148

---

Xaquín López González, Director-xerente do Auditorio de Galicia, polas atribucións concedidas no artigo 12 dos estatutos do organismo autónomo.

Vistos informes, documentación e os antecedentes que constan no expediente

## RESOLVO:

1. Iniciar o proceso de solicitude de propostas para a realización do programa didáctico do Auditorio de Galicia 2023/24, segundo as instrucións que constan a seguir:
- 

## SOLICITUDE DE PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DIDÁCTICO DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS 2023-2024

---

### OBXECTO

O Auditorio de Galicia, organismo autónomo do Concello de Santiago de Compostela, pon en marcha un programa didáctico para o curso escolar 2023-2024.

O principal obxectivo deste programa é ofertar un amplo abano de propostas artísticas que poidan servir para achegar as artes ás comunidades escolares como parte da súa educación do gusto, entendendo as actividades culturais como un motor de benestar persoal e colectivo. Ademais, o programa pretende servir de pretexto e acompañamento de actividades inseridas dentro do currículo académico.

Preténdese así artellar un programa didáctico municipal para público escolar de educación infantil e primaria, ESO e Bacharelato nas disciplinas de música, teatro, monicreques, danza, circo e música.

---

AUDITORIO DE GALICIA  
Avenida do Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 55 22 90  
Billeteiras: 981 571 026 / 981 552 290  
Fax: 981 574 250  
info@auditoriodegalicia.org



AUDITORIO DE GALICIA  
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓN E CONGRESOS  
Santiago de Compostela



CONCELLO DE  
SANTIAGO



**Compostela  
Cultura**

## **ORZAMENTO**

O orzamento máximo de cada proposta será o explicitado polos/as solicitantes no formulario de envío de solicitudes. Terase en conta que os prezos estean dentro dos fixados polo mercado e que sexan coherentes cos prezos de catálogos públicos como os da RGTA. Tamén se terá en conta que cumpra coas normativas laborais vixentes e que se axeite en prezo á realización de funcións consecutivas.

As obrigas económicas que se deriven da contratación realizaranse con cargo á aplicación orzamentaria 33405 22706 de programación didáctica e familiar do orzamento xeral do Auditorio de Galicia, condicionada á consignación orzamentaria no exercicio correspondente e á aprobación polo órgano de contratación correspondente. O número de funcións realizadas do programa virá determinado polo custo das propostas seleccionadas.

Poderán enviar propostas todas as persoas físicas ou xurídicas pertencentes ao sector das artes escénicas e musicais. Cada unha poderá presentar como máximo unha proposta escénica e/ou musical.

## **CONTIDO DAS PROPOSTAS ARTÍSTICAS**

Cada un dos espectáculos deberá acompañarse dunha proposta didáctica.

O límite de orzamento será o que cada solicitante presente na súa proposta. Cada participante deberá presentar 2 propostas económicas:

Unha proposta económica para 2 actuacións no mesmo día.

Unha proposta económica para 4 representacións en 2 días consecutivos.

## **TRABALLOS QUE DEBERÁ REALIZAR A ENTIDADE CONTRATADA**

Os traballos que deberán realizar as empresas contratadas serán os seguintes:

- - Representación dun espectáculo en galego, en horario escolar, nunha instalación escénica municipal cun total de catro 4 funcións, distribuídas en dous 2 días consecutivos, ou 2 actuacións no mesmo día.
- - Elaboración da unidade didáctica que acompañe o espectáculo proposto, na que se deberán tratar e desenvolver aspectos do currículo docente, a través de contidos, obxectivos e actividades vinculadas ás disciplinas escénicas, musicais e á educación artística.

---

AUDITORIO DE GALICIA  
Avenida do Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 55 22 90  
Billeteiras: 981 571 026 / 981 552 290  
Fax: 981 574 250  
info@auditoriodegalicia.org



AUDITORIO DE GALICIA  
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓN E CONGRESOS  
Santiago de Compostela



CONCELLO DE  
SANTIAGO



Compostela  
Cultura

Seguimento e avaliación continua do proceso.

## DOCUMENTACIÓN QUE CÓMPRE PRESENTAR

A documentación que cómpre presentar será unha proposta que deberá conter como mínimo os seguintes apartados, consonte ao formulario de envío de solicitudes:

1. DATOS DA EMPRESA. Indicarase o nome, CIF/NIF, enderezo, teléfono/s, correo electrónico, web e persoa de contacto.
2. MEMORIA DO ESPECTÁCULO. Presentarase unha sinopse, ficha artística e técnica do espectáculo, imaxes e ligazóns de vídeo.
3. MEMORIA DIDÁCTICA. Presentarase unha proposta didáctica que inclúa, entre outros, os seguintes apartados:
  - a. Deseño dunha unidade didáctica e descrición metodolóxica, que recolla os contidos relacionados co currículo docente, os obxectivos e as actividades vinculadas ás disciplinas escénicas, musicais e á educación artística.
  - b. Coordinación co equipo docente e persoal do Auditorio.
  - c. Seguimento e avaliación do proceso.
4. PÚBLICO OBXECTIVO. Especificar as idades recomendadas e os ciclos formativos aos que se dirixe o espectáculo.
5. SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL. Para poder avaliar a solvencia técnica da empresa, presentarse un CV coa traxectoria da compañía e un CV da persoa responsable da coordinación co equipo docente e co Auditorio de Galicia.
6. ORZAMENTO. Presentaranse 2 orzamentos un para 2 funcións no mesmo día e outro para 4 funcións en 2 días consecutivos.

## DIFUSIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

As unidades didácticas, unha vez desenvolvidas, en formatos dixitais abertos, estarán ao dispor da comunidade escolar na páxina web [www.compostelacultura.gal](http://www.compostelacultura.gal)

## OBRIGAS DA ADXUDICATARIA

1. Responsabilidade: a empresa contratada será a responsable da calidade técnica do traballo que realice, así como das consecuencias que se produzan para o Auditorio de Galicia e/ou Concello de Santiago ou para terceiras persoas das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.
2. Organización: a empresa contratada deberá dispoñer dos elementos materiais suficientes para a debida execución do contrato, levando a cabo en tempo e forma os servizos que cómpre prestar.

AUDITORIO DE GALICIA  
Avenida do Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 55 22 90  
Billeteiras: 981 571 026 / 981 552 290  
Fax: 981 574 250  
info@auditoriodegalicia.org

  
AUDITORIO DE GALICIA  
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓN E CONGRESOS  
Santiago de Compostela

  
CONCELLO DE  
SANTIAGO



**Compostela  
Cultura**

3. Confidencialidade e datos de carácter persoal: a empresa contratada deberá gardar a identidade e confidencialidade de todos aqueles datos que puidera coñecer en relación cos servizos contratados.
4. Obrigas laborais: a empresa contratada queda obrigada a cumprir estritamente cantas disposicións estean en vigor ou que se ditén durante a vixencia do contrato, incluído o convenio colectivo do sector, no que se refire ao pagamento de xornais mínimos por categorías profesionais, cotas da seguridade social, mutualismo laboral, prevencións de riscos laborais etc.
5. Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social segundo a Lei de contratos do sector público.
6. Idioma: a empresa contratada utilizará o idioma galego e a linguaxe non sexista, tanto na comunicación oral como escrita.
7. Seguridade: a empresa contratada contará cun seguro de responsabilidade civil de acordo co establecido na Lei de Espectáculos Públicos de Galicia.

## **PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS**

As propostas deberán de presentarse, unicamente, cubrindo o formulario que poderá atopar na seguinte ligazón:

<https://forms.gle/WBBFBcPmrgFexXhKA>

## **PRAZO**

As propostas poderán enviarse até o día 28 de febreiro de 2023.

## **SELECCIÓN DE PROPOSTAS**

A avaliación das propostas correrá por conta dunha comisión designada polo Auditorio de Galicia. Valoraranse os seguintes aspectos, por esta orde de prioridade:

1. Calidade, singularidade e orixinalidade do proxecto artístico.
2. Adaptación ao contido curricular do segmento ao que vai dirixido.
3. Experiencia da compañía no traballo con público escolar.
4. Orzamento. Axuste do orzamento ao contido presentado.

AUDITORIO DE GALICIA  
Avenida do Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 55 22 90  
Billeteiras: 981 571 026 / 981 552 290  
Fax: 981 574 250  
info@auditoriodegalicia.org

  
AUDITORIO DE GALICIA  
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓN E CONGRESOS  
Santiago de Compostela

  
CONCELLO DE  
SANTIAGO



Compostela  
Cultura

Non se terán en conta os espectáculos que foran elixidos na última campaña didáctica para escolares.

Unha vez analizados os proxectos presentados a comisión de selección elaborará unha proposta que será equilibrada na atención ás franxas de idades da comunidade escolar.

Comisión de selección

Director-xerente do Auditorio de Galicia

A subdirectora do Auditorio de Galicia

Técnica/o de programación do Auditorio de Galicia Responsable de actividades didácticas do Auditorio de Galicia

## PROPOSTA DA COMISIÓN

Unha vez avaliadas as propostas seleccionadas a comisión elevará ao órgano de contratación competente a súa decisión. Este órgano será o encargado de ditar a resolución segundo as competencias que teña atribuídas, a programación completa do programa publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Auditorio de Galicia <https://sede.compostelacultura.gal>.

**A proposta da citada comisión non outorga ningún dereito e a contratación virá determinada polo órgano de contratación competente do Auditorio de Galicia, e pola existencia de crédito no orzamento correspondente.**

No caso de renuncia dalgunha compañía seleccionada, ou de haber problemas de encaixe de datas no calendario de programación dos espazos escénicos, procederase a contactar coa seguinte proposta valorada.

---

AUDITORIO DE GALICIA  
Avenida do Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 55 22 90  
Billeteiras: 981 571 026 / 981 552 290  
Fax: 981 574 250  
info@auditoriodegalicia.org



AUDITORIO DE GALICIA  
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓN E CONGRESOS  
Santiago de Compostela



CONCELLO DE  
SANTIAGO



Compostela  
Cultura

Santiago de Compostela, na data que figura na sinatura electrónica

Xaquín López González

Director-xerente do Auditorio de Galicia

---

AUDITORIO DE GALICIA  
Avenida do Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 55 22 90  
Billeteiras: 981 571 026 / 981 552 290  
Fax: 981 574 250  
info@auditoriodegalicia.org



AUDITORIO DE GALICIA  
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS  
Santiago de Compostela



CONCELLO DE  
SANTIAGO